



## Concello de Xinzo de Limia

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
XP/2020/2	XUNTA DE PORTAVOCES

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urxente Motivo: «Apoio o colectivo LIMISI nas suas reivindicacións para o reiniciar a sua actividade»
<b>Data</b>	5 de xuño de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 13:45 ata as 13:55 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Xuntas
<b>Presidida por</b>	ELVIRA LAMA FERNANDEZ
<b>Secretario</b>	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34997410N	AMADOR DIAZ PENIN	SÍ
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	SÍ
44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ

Asisten os concelleiros **Manuel Pérez Campos, do Grupo Mixto-XA**, e o Concelleiro **Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo Mixto-BNG**.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

## Concello de Xinzo de Limia





## Concello de Xinzo de Limia

### Apoio o colectivo LIMISI nas súas reivindicacións para o reiniciar a súa actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

**Vista a proposta de acordo presentada pola Alcaldía neste acto, do seguinte teor literal:**

*“ACORDO DA XUNTA DE VOCEIROS DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.*

*O 14 de marzo de 2020, o Goberno central ditou o Real decreto 463/2020, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

*Cando a nosa comunidade autónoma de Galicia entra na fase 2 de desescalada dende a Xunta de Galicia danse instrucións para que centros de día, centros ocupacionais e escolas infantís podan iniciar a súa actividade, e así tódolos traballadores e traballadoras destes centros pudesen establecer as normas coas que poder prestar o servizo os seus usuarios e usuarias, coas garantías de seguridade e hixiene. A sorpresa chegou logo do último Consello da Xunta de Galicia que tomou a decisión de non permitir a apertura dos Centros de día, das Escolas infantís, nin dos Centros Ocupacionais ata o 1 de setembro.*

*En Xinzo de Limia contamos cun centro ocupacional, Asociación Limisi, que conta tamén cun gabinete educativo rehabilitador, que presta servizos a máis de 50 usuarios e por ende as súas familias, do noso concello e do resto de concellos da comarca da Limia e a outros limítrofes que non dispoñen deste servizo. A súa tarefa principal é o desenvolvemento das terapias axeitadas para persoas con diversidade funcional por parte dos especialistas que é indispensable para dar resposta as terapias que necesitan os usuarios e usuarias que levan dende a declaración do estado de alarma sen atención necesaria, cun deterioro na súa saúde máis que considerable.*

*A maior abundamento consideramos que non resulta comprensible para as familias nin para a Asociación que presta este servizo, que non podan abrir o centro, sendo como é unha entidade sen ánimo de lucro, mestras si se permite a apertura de centros privados ou con ánimo de lucro.*

*Dende a Asociación Limisi se nos transmite a inquedanza sobre o futuro dos usuarios e usuarias e as súas familias, que é a mesma que esta corporación apoia por unanimidade a través dos seus voceiros municipais para trasladar a o seguinte:*

**SOLICITUDE:**

## Concello de Xinzo de Limia





## Concello de Xinzo de Limia

*1-Que as Consellerías de Política social e de Sanidade da Xunta de Galicia, reconsideren a súa postura e trasladen o Presidente do Goberno de Galicia a necesidade urxente de que se poidan abrir os centros ocupacionais, e os gabinetes rehabilitaredes das entidades sen animo de lucro, cumprindo tódalas medidas hixénicas establecidas, nomeadamente a Asociación Limisi de Xinzo de Limia.”*

A Sra Alcaldesa procede á exposición do contido do acordo anteriormente transcrito, engadindo que se ten o apoio de todos os voceiros se proceda a dar traslado, ademais de ás Consellerías de Política Social e de Sanidade, tamén a todos os Concellos onde a Asociación Limisi desenvolve a súa actividade, sendo estes, ademais de Xinzo de Limia, os de Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Vilar de Santos, Vilar de Barrio, Trasmiras, Calvos de Randín, Os Blancos, Baltar, e Maceda, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Allariz e Cualedro.

Asemade, engade que dita proposta traése a esta Xunta ó considerar que non é xusto que os usuarios da asociación Limisi estén privados dos servizos que prestan, cuxa falla non afecta só os usuarios senón tamén as súas familias, especialmente nas mulleres que en moitos casos desempregan o papel de acompañantes.

O Sr voceiro do grupo popular indica que o Partido Popular está a favor de calquera medida a prol dos veciños de Xinzo de Limia, motivo polo que apoia dita proposta, esperando que a Xunta recapacite e deixe desenvolver a actividade á Asociación Limisi, se ben, quere que quede constancia de que as medidas propostas pola Xunta de Galicia non cumpren as expectativas da Asociación Limisi, pero sí que satisfacen as expectativas doutras asociacións.

Tras o debate, os membros da Xunta de voceiros acordan por unanimidade:

### **1. Enviar ás Consellerías de Política Social e Sanidade solicitude do seguinte teor literal:**

**“ACORDO DA XUNTA DE VOCEIROS DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.**

*O 14 de marzo de 2020, o Goberno central ditou o Real decreto 463/2020, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

*Cando a nosa comunidade autónoma de Galicia entra na fase 2 de desescalada dende a Xunta de Galicia danse instrucións para que centros de día, centros ocupacionais e escolas infantís podan iniciar a súa actividade, e así tódolos traballadores e traballadoras destes centros puderan establecer as normas coas que poder prestar o servizo os seus usuarios e usuarias, coas garantías de seguridade e hixene. A sorpresa chegou logo do ultimo Consello da Xunta de Galicia que tomou a decisión de non permitir a apertura dos Centros de día, das Escolas infantís, nin dos Centros Ocupacionais ata o 1 de setembro.*

## Concello de Xinzo de Limia





## Concello de Xinzo de Limia

*En Xinzo de Limia contamos cun centro ocupacional, Asociación Limisi, que conta tamén cun gabinete educativo rehabilitador, que presta servizos a mais de 50 usuarios e por ende as súas familias, do no noso concello e do resto de concellos da comarca da Limia e a outros limitrofes que non dispoñen deste servizo. A súa tarefa principal é o desenvolvemento das terapias axeitadas para persoas con diversidade funcional por parte dos especialistas que é indispensable para dar resposta as terapias que necesitan os usuarios e usuarias que levan dende a declaración do estado de alarma sen atención necesaria, cun deterioro na súa saúde mais que considerable.*

*A maior abundamento consideramos que non resulta comprensible para as familias nin para a Asociación que presta este servizo, que non podan abrir o centro, sendo como é unha entidade sen animo de lucro, mestras si se permite a apertura de centros privados ou con animo de lucro.*

*Dende a Asociación Limisi se nos transmite a inquedanza sobre o futuro dos usuarios e usuarias e as súas familias, que é a mesma que esta corporación apoia por unanimidade a través dos seus voceiros municipais para trasladar a o seguinte:*

### SOLICITUDE:

*1-Que as Consellerías de Política social e de Sanidade da Xunta de Galicia, reconsideren a súa postura e trasladen o Presidente do Goberno de Galicia a necesidade urxente de que se poidan abrir os centros ocupacionais, e os gabinetes rehabilitaredes das entidades sen animo de lucro, cumprindo tódalas medidas hixénicas establecidas, nomeadamente a Asociación Limisi de Xinzo de Limia."*

**2. Dar traslado desta solicitude ós Concellos onde desemprega a súa labor a Asociación Limisi, por se quixeran adherirse á mesma sendo os Concellos os seguintes: Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Vilar de Santos, Vilar de Barrio, Trasmiras, Calvos de Randín, Os Blancos, Baltar, e Maceda, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Allariz e Cualedro.**

**3.- Incluir no vindeiro plenario un punto da orde do día relativo a esta problemática.**



## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## Concello de Xinzo de Limia





## Concello de Xunzo de Limia

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Xunzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xunzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: 7DSA4ZRJMKEY7NF67LA9F57 | Corrección: <https://xunzodelimia.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5